B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme. En excedencia voluntaria por interese particular só poderán participar se ao termo do prazo de presentación de solicitudes transcorreu, polo menos, un ano desde o inicio da dita situación. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de dous anos para participar neste concurso.

C) Posuír as titulacións previstas no anexo I.

**4.- BAREMO DE MÉRITOS**

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando estas reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instancias para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

**1.- Antigüidade**: valorarase cun máximo de **4 puntos,** tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais

- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

**2.- Experiencia:** experiencia no desenvolvemento de postos pertencentes á area funcional á que corresponda o convocado, entendendo por área funcional a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Tomarase en consideración o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias. Puntuación de **3 puntos.**

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)

**3.- Grao persoal consolidado:** valorarase cun máximo de **2 puntos** o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuír un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos
- por posuír un grao superior nun nivel ao do posto solicitado: 1,75 puntos
- por posuír un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos
- por posuír un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos
- por posuír un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

**4.- Traballo desempeñado:** valorarase cun máximo de **2,25 puntos** segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos
- un nivel inferior: 2,14 puntos
- dous niveis inferiores: 2,03 puntos
- tres niveis inferiores: 1,92 puntos
- catro niveis inferiores: 1,81 puntos
- cinco niveis: 1,70 puntos
- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos/Ás funcionarios/as en comisión de servizos valoraráselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe.

Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

**5.- Permanencia no posto de traballo:** valorarase cun máximo de **0,75 puntos** a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos
- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos
- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

**6.- Méritos académicos:** valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de **3 puntos** de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

**7.- Coñecemento da lingua galega:** valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de **1 punto,** a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

**8.- Outras titulacións:** valorarase cun máximo de **2 puntos** calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concursa relacionadas co posto ao que se concursa.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)

- Bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- Ciclo superior: 1,00 punto
- Título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- Título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

**9.- Conciliación da vida persoal e familiar:** valorarase ata un máximo de **1 punto** polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos/as menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos;

- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo/a: copia do libro de familia ou resolución xudicial;
- coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.

**10.- Memoria.** Confección dunha memoria sobre a análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento, a xuízo do candidato/a, de acordo coa descrición contida na convocatoria. A puntuación máxima será de **6 puntos.**

Este mérito valorarase unicamente nos postos singularizados.

Para o caso de empate na valoración, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

Primeiro.- A maior antigüidade ao servizo da Administración.

Segundo.- A maior antigüidade no posto dende o que se concursa.

Terceiro.- A data de ingreso como funcionario/a de carreira e na subescala na que se concursa.

Cuarto.- Sorteo público.

**5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN**

Cualificarán os méritos dos concursantes, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha comisión de valoración composta por:

Presidencia:

- D. Luis Ramón Vázquez Parga, interventor xeral do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª María Aranzazu Sastre Carracedo, tesoureira do Concello de Lugo.

Vogais:

- D. Xosé Manuel Cao Rei, xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.

Suplente: D. Fernando Prado Rodríguez, adxunto do Servizo de Facenda Local do Concello de Lugo.

D. Luis Alfonso Casais Fernández, letrado xefe do Gabinete Territorial de Lugo da Xunta de Galicia.

Suplente: D.ª María Isabel Villamor Cabado, xefa do Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

D. Marco Antonio García-Gabilán Sangil, secretario interventor do Concello do Corgo.

Suplente: D.ª Belén López López, secretaria interventora do Concello da Pastoriza

Secretario/a:

- D.ª Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

**6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

O resultado da avaliación dos méritos e a adxudicación provisional exporase na sede electrónica, páxina web e portal de transparencia do Concello de Lugo, nunha relación que conterá a totalidade do persoal concursante, ordenada de maior a menor puntuación total, con expresión do posto de traballo adxudicado, se é o caso. Concederase un prazo de dez días hábiles para que formulen as reclamacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)

**7.- TOMA DE POSESIÓN**

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente, a comisión resolverá as reclamacións que se presentasen e formulará a proposta de adxudicación dos postos convocados, remitíndoa á autoridade convocante para a súa publicación na sede electrónica, páxina web e portal de transparencia do Concello de Lugo, mediante resolución motivada.

Na resolución de adxudicación do concurso, indicarase a data na que deberá efectuarse o cesamento no actual posto de traballo e a toma de posesión do destino adxudicado, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificados.

**8.- RECURSOS**

Estas bases son definitivas en vía administrativa, e contra estas pode interpoñerse, de conformidade co establecido na Lei de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, un dos seguintes recursos.

a) Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á súa publicación. Transcorrido un mes dende o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que se resolvera, poderá entenderse desestimado, e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo dentro do prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

**9.- PUBLICACIÓN**

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado.

**ANEXO I**

**Postos para convocar:**

| Nº postos | Denominación posto | Código | Escala | Subescala | Grupo | Nivel | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Xefe/a do Servizo de Contratación e Patrimonio | 04/208 | A.X. | Técnica | A1 | 29 | Aberto a todas as administracións públicas |

Funcionario/a de carreira, da escala de administración xeral, subescala técnica, GRUPO A1

Titulación: título universitario oficial de grao ou equivalente, título de doutor/a, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.”

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 10 de outubro de 2024.- Ilmo Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de Alcaldesa da Área de Xestión integral de Recursos internos.

R.3033

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2024-0137 de data do 09/10/2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de maio de 2024 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 221,01 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 146,28 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anunico no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 10 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3034

---

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2024-0136 de data do 09/10/2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de xuño de 2024 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 214,59 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 139,83 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anunico no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 10 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3035

---

## AS NOGAIS

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 8 de outubro de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de setembro de 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 5 de setembro de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3036

---

## A PASTORIZA

*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 11 de outubro aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 2º trimestre do exercicio 2024.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 21/10/2024 e o 21/12/2024 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 21/10/2024. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 11 de outubro de 2024.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 3047

---

## RIBADEO

*Anuncio*

**APROBACIÓN PROVISIONAL**

**ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARACTER NON TRIBUTARIO (TARIFAS) DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTATECEMENTO DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 25/06/2024, acordou provisionalmente a modificación da **ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARACTER NON TRIBUTARIO (TARIFAS) DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTATECEMENTO DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN**

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, 1 de outubro de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2935

---

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)

# O SAVIÑAO

*Anuncio*

**NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL**

Por Resolución de Alcadía num. 2024/0347, de data 8 de outubro de 2024, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de setembro de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 9 de outubro de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R.3037

---

# TRABADA

*Anuncio*

**Delegación de funcións do Sr. Alcalde no segundo tenente de alcalde**

**Pola Alcaldía do Concello de Trabada, con data 09 de outubro de 2024, dictouse resolución nº 459/2024, que literalmente di:**

*“...*

***asunto: Delegación de funcións do Sr. Alcalde no segundo tenente de alcalde.***

*Visto que o Sr. Alcalde do Concello de Trabada estará de vacacións dende o próximo día 16 de outubro de 2024 ata o día 26 de outubro de 2024, ambos incluídos;*

*Visto que as funcións propias da Alcaldía non van poder ser desempeñadas durante ese periodo de tempo ( do 16 de outubro ó 26 de outubro ) polo Sr. Alcalde;*

*Visto que a 1º Tenente de Alcalde, Dona Julia María Barcia Fernández presentou escrito en data 9 de outubro de 2024 ( rexistro de entrada número 1686-E-RC-2024 ) onde expoñia que non está dispoñible por razóns persoais durante o devandito periodo e polo tanto non pode desempeñar, previa delegación, as funcións inherentes ó cargo de Alcaldesa do Concello de Trabada;*

*Visto que o 2º Tenente de Alcalde, Dona María Carmen Amor Prieto, está dispoñible durante o devandito periodo e polo tanto pode desempeñar, previa delegación, as funcións inherentes ó cargo de Alcaldesa do Concello de Trabada*

*En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986,* ***RESOLVO:***

***PRIMEIRO.****- Delegar as funcións da Alcaldía dende o día 16 de outubro de 2024 ata o día 26 de outubro de 2024 ( ambos incluídos ), na segunda tenente de Alcalde, Dona María del Carmen Amor Prieto.*

***SEGUNDO.****- Notificar a presente resolución de alcaldía á primeira tenente de Alcalde Dona Julia María Barcia Fernández ós efectos oportunos.*

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)

***TERCEIRO****.- Notificar a presente resolución de alcaldía á segunda tenente de Alcalde Dona María del Carmen Amor Prieto ós efectos de aceptar a citada delegación.*

***CUARTO.****- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo ós efectos oportunos.*

***QUINTO.****- Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión ordinaria que celebre.*

*...”*

**EN DATA 09 DE OUTUBRO DE 2024 DITOUSE DILIXENCIA DE CORRECCION DE ERROS DO DECRETO 459/2024, QUE LITERALMENTE DI:**

*“...*

***DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERROS NO DECRETO Nº 459/2024***

*Advertido erro na parte declarativa do decreto número 459/2024, de data 9 de outubro de 2024, de delegación de funcións do Sr. Alcalde, procédese a afectuar a seguinte corrección de erros.*

***Onde dí:***

*“Visto que a 1º Tenente de Alcalde, Dona Julia María Barcia Fernández presentou escrito en data 9 de outubro de 2024 ( rexistro de entrada número 1686-E-RC-2024 ) onde expoñia que non está dispoñible por razóns persoais durante o devandito periodo e polo tanto non pode desempeñar, previa delegación, as funcións inherentes ó cargo de Alcaldesa do Concello de Trabada;”*

***Debe dicir:***

*“Visto que a 1º Tenente de Alcalde, Dona Julia María Barcia Fernández non está dispoñible por razóns persoais durante o devandito periodo e polo tanto non pode desempeñar, previa delegación, as funcións inherentes ó cargo de Alcaldesa do Concello de Trabada”*

*...”*

Trabada, 10 de outubro de 2024.- Sr. Alcalde, D. Rubén García Freije.

R. 3038

---

## VIVEIRO

*Anuncio*

Con data de 10 de outubro do 2024, por Resolución de Alcaldia, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

| Tributo | Exercicio | Importe |
|---|---|---|
| **Taxa Entrada Vehículos a Través das Beirarrúas(Vados)......................** | **2024................................** | **47.779,65-€** |

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

**Anuncios de cobranza** :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **16** de **outubro** de 2024 ata o **16** de **decembro** de 2024, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidades teñen estabrecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 10 de

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)

novembro de 2024 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.

- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 10 de outubro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3048

Anuncio publicado en: Num BOP 239 año 2024 (16/10/2024 08:00:00)